



Número de expediente:2020/AREASDELEG/000003

**DECRETO DO ALCALDE DE DELEGACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E DE MODIFICACIÓN DO DECRETO DO ALCALDE FIXANDO AS ÁREAS DE GOBERNO, CONCELLEIROS RESPONSABLES DAS DISTINTAS ÁREAS E DELEGACIÓNS ESPECIAIS**

Para mellorar e axilizar a xestión administrativa compre delegar na Xunta de Goberno Local a resolución dos expedientes relativos a medidas de reposición da legalidade urbanística que se tramiten en relación a obras maiores polo que corresponde, ao mesmo tempo modificar a delegación efectuada por decreto do alcalde de 15 de xuño de 2019 onde se establecen as áreas de goberno, concelleiros responsables e delegacións especiais, no Concelleiro delegado Xaquín Moreda González.

Vistos os artigos 124 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, artigo 613 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico de Entidades Locais, así como os artigos 8 e ss e 26 e ss do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra relativos ó réxime xurídico das delegacións, fixación das áreas de goberno, concelleiros de goberno e delegados, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confiren os citados artigos, DECRETA:

Primeiro.- Modificar as competencias delegadas no Servizo de Urbanismo e Patrimonio Histórico, desempeñado polo Concelleiro delegado Xaquín Moreda González, baixo a coordinación da concellaría responsable da area de ordenación do territorio e mobilidade, no senso de modificar a competencia que figura coa letra “d) Disciplina medioambiental, infraccións urbanísticas e reposición da legalidade urbanística”, de tal forma que queda da seguinte forma: “d) Disciplina medioambiental, infraccións urbanísticas e reposición da legalidade urbanística nos casos non atribuídos ou delegados á Xunta de Goberno Local”.

Segundo.- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia sobre “resolución dos expedientes relativos a medidas de reposición da legalidade urbanística que se tramiten en relación a obras maiores”.

Terceiro.- As delegacións sinaladas rexeranse polas condicións establecidas no decreto do alcalde de 15/06/2019 fixando as áreas de goberno, concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións especiais.

Cuarto.- Notifíquese a presente resolución, persoalmente, aos señores concelleiros interesados, déase conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.

Así o decreta e ordena o Excmo. Sr Alcalde, na data que consta na sinatura electrónica dando fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

